

# BANDO

## AXUDAS Á ESCOLARIZACIÓN, CURSO 2021/2022

Informase aos veciños e veciñas que o Concello de Pontecesures convoca as Axudas á Escolarización dirixidas ao alumnado de Educación Infantil (2º ciclo) e de Primaria e da ESO.

A Prestación consiste nunha axuda económica de pago único, destinada a afrontar os gastos que xera a dotación de libros e material escolar entre outros para o 2º ciclo de Ensino Infantil e para os gastos extraordinarios en equipamento e vestuario que xera o inicio do curso escolar para alumnado de ensino primario e secundario.

### Persoas beneficiarias e requisitos:

Escolares que cursen o 2º Ciclo de Educación Infantil, e escolares que cursen Primaria e ESO, membros de unidades familiares empadroadas e con residencia efectiva en Pontecesures, que non reciban outras axudas polo mesmo concepto e finalidade, cuxa unidade familiar non supere os límites económicos (ingresos por todos os conceptos, incluído o rateo das pagas extraordinarias) que se establecen no 100% SMI para dúas persoas, no 125% para 3, incrementado nun 15% por cada membro adicional.

Nº MUF	Media mensual	Máximo semestre
2	1.108,33	6.650,00
3	1.385,42	8.312,50
4	1.496,25	8.977,50
5	1.607,08	9.642,50
6	1.717,92	10.307,50

a) **Educación Infantil:** Bolsa económica cunha contía individual de 100€ por menor.

b) **Ensino primario e Secundario:** Bolsa económica cunha contía individual de 80€ por menor

No caso de que o número de solicitudes (que cumpran os requisitos) sexa superior ó número de Bolsas previsto, concederanse aos que acaden maior puntuación na baremación das solicitudes.

### Documentación:

- Solicitud segundo modelo

- Fotocopia do DNI da persoa Solicitante e integrantes da UFC

- Xustificante do curso que realiza a/o menor

- Fotocopia do Libro de Familia

- No seu caso, Tarxetas de demanda de emprego

- Xustificación, no seu caso, do pago de aluguer ou de créditos hipotecarios de xaneiro a xuño

- Xustificantes dos ingresos de tódolos membros da unidade de convivencia desde o **1 de xaneiro ao 30 de xuño 2021** (nóminas, certificados de prestacións e/ou pensións, ...)

- Declaración do IRPF 2020 ou Certificación Negativa da AEAT

- Certificación bancaria do número de conta IBAN

*No caso de non ter ingresos presentarase o estrato de movementos das contas bancarias nas que figure dos seis últimos meses.*

*A documentación presentarase referida a todas as persoas que convivan no domicilio, con independencia de se son ou non integrantes da unidade familiar.-*

*O empadramento e a convivencia serán comprobados de oficio polo concello*

### Prazo de Solicitud:

**Do 09 de agosto ao 15 de setembro**

A presentación de solicitudes realizarase no Rexistro Xeral do Concello de Pontecesures

Para máis Información poden dirixirse ao Servizo Social Comunitario deste Concello os luns, de 10:00 a 13:30 e os martes e venres de 9 a 13:30 horas, **con cita previa** nos seguintes teléfonos 986 557125 e 986 564409

Pontecesures, 5 de agosto de 2021

O ALCALDE

Juán Manuel Vidal Seage

